



JT/ap

ASUNTO	INFORME SOBRE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA	CLAVE	CA-CO-004-17(1)
PROXECTO	EXPLOTACIÓN SAN RAFAEL Nº 2946.		
ESPAAO NATURAL	Ningún		
CONCELLOS	O Pino e Touro	PROVINCIA	A Coruña
ORGANISMO	Xefatura Territorial da Consellería de	Ref.:	CE/AC/02946/01.08/
SOLICITANTE	Economía, Emprego e Industria		2017.03
PROMOTOR	COBRE SAN RAFAEL S.L.	Ref.:	

#### Antecedentes

Mediante oficio da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria ten entrada nesta unidade administrativa documentación relativa ao proxecto da explotación "San Rafael nº 2946", aos efectos de seguir coa tramitación correspondente.

No oficio especificábase que a documentación contén a de Cobre San Rafael, SL, ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 24/04/2018.

Esta solicitude acompáñase da seguinte documentación:

- "ACTUALIZACIÓN DEL PROYECTO DE EXPLOTACIÓN VIGENTE DE COBRE DE TOURO. DOCUMENTO RESPUESTA AL INFORME DE LA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL. Agosto 2018".
- "Anexos
  1. Informe DX de Patrimonio Natural.
  2. Identificación e localización do hábitat 4020\* no monte Minas.
  3. Medidas experimentais.
  4. Medidas protectoras, correctoras e compensatorias da actualización do proxecto.
  5. Actuacións en canles e instancia de presentación.
  6. Control de niveis piezométricos da liña de base e planimetría.
  7. Planos no medio biótico da mina.
  8. Sistema de impermeabilización das instalacións de residuos mineiros.
  9. Plan de vixilancia ambiental. Control físico-químico do medio receptor. Aguas superficiais e subterráneas.
  10. Informe xeotécnico da balsa de estériles.
  11. Caracterización das balsas de flotación.
  12. Orixe do contido en cadmio das augas superficiais da zona do xacemento de cobre.
  13. Análises de riscos ambientais."

Con anterioridade, esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural, dentro do procedemento de avaliación ambiental, emitiu un informe en relación ao proxecto "ACTUALIZACION DEL PROYECTO







DE EXPLOTACION VIGENTE DE COBRE DE TOURO". O informe evacuouse o 24 de abril de 2018 á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. No informe concluíase sinalando que a documentación achegada necesitaba complementarse, nos aspectos nel indicados, para poder facer unha análise e avaliación precisa sobre os efectos sobre o Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Non obstante o anterior, relativo as carencias detectadas e a necesidade de emendalas, rematabase o informe subliñando a constatación que na documentación achegada se facía en relación a existencia dun risco moi alto para as poboacións humanas próximas e para o medio ambiente.

### Análise da documentación

Examinada a documentación achegada, os antecedentes e solicitados os datos de interese ao Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, destacase de seguido aspectos recollidos na análise específica efectuada por ese Servizo (o informe completo se anexará ao presente). Os aspectos que a continuación se resaltan enmárcanse dentro daqueles que se consideran insuficientemente estudados ou directamente non contemplados e necesarios para unha avaliación no eido do patrimonio natural e a biodiversidade, subliñando nalgún caso aspectos relevantes en relación cos impactos detectados da actividade proxectada:

- (...) haberá que abordar os efectos indirectos do proxecto sobre os hábitats e os hábitats de especies e especies das ZEC próximas que puideran resultar afectadas como consecuencia da explotación. Os efectos de avaliar as posibles afeccións indirectas, a 3,5 km ó sur do proxecto, na mesma bacía, localízase a ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza (ES1140001) que ten tamén a condición de Zona de Especial Protección de los Valores Naturais.
- Sen embargo o propio EslA pon en evidencia a presenza de especies catalogadas no entorno da explotación, polo que compre por unha banda efectuar a análise de repercusión ambientais de efectos indirectos e por outra ter en conta as previsións do Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas, o Decreto 167/2011, de 4 de agosto, por el que se modifica el Decreto 88/2007, do 19 de abril, así como tamén o Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas,(...).
- As consideracións realizadas na documentación achegada sobre ás especies *Margaritifera margaritifera* e *Galemys pirenaica*, teñen que servir (...) para poñer de manifesto a súa presenza augas abaixo do río Lañas e Brandelos, que determina a obriga da súa conservación derivada da aplicación das disposicións normativas do Catálogo Galego de Especies Ameazadas e demais normativa concorrente. Atendendo ós riscos ambientais definidos, bótase de menos unha análise obxectiva da incidencia dos escenarios accidentais sobre a biodiversidade da ZEC en risco de afectación, encontrándose aquí certa incoherencia na documentación, que por unha parte difumina a probabilidade de ocorrencia pero que a súa vez define e establece escenarios accidentais de que isto se produza na análise de riscos.
- (...) resulta claro que a natureza ácida ou non dos estériles quedará supeditada na realidade a posteriores análíticas durante a evolución do proxecto, describindo agora un escenario de probabilidade. Este enfoque resulta relevante na medida que non quedará acreditado ata o momento da explotación, que estériles teñen unha condición ou outra (NAG ou PAG). Novamente ten que insistirse que coa información que se







proporciona non acaba de quedar claro que se poida interpretar una distinción claramente escalonada de uns e outros estériles, aparentando que se trata de 102 Mt de residuos claramente PAG e 164 Mt de residuos que presentaran unha progresiva capacidade de xerar drenaxe ácido, determinada en calquera caso no momento da súa explotación. O respecto disto ten que observarse que as características do proxecto susténtase en grande medida nesta previsión, sen ofrecer un rango de solucións alternativas de explotación e de operación de non producirse as previsións do 50% nos termos esperados.

- A principal problemática ambiental da explotación radicarán nos efectos dos estériles xerados, nas augas utilizadas e en garantir que os lixiviados non se transfiren ó sistema hidrolóxico superficial e subterráneo, o tempo de prever axeitadamente os riscos e deseñar as operativas e implementar as solucións viables en caso de producirse.(...).
- O promotor presenta nesta fase, documento denominado "Plan de Vixilancia ambiental. Control Físico-químico do medio receptor. Augas superficiais e subterráneas" co obxectivo de establecer un sistema de control e vixilancia durante o proceso de explotación e no período post-clausura, que sen dúbida será clave na explotación do xacemento pero que non engade agora información relevante.
- (...) relativo ó desvío de arrosos, non parece que se engada nada con relación á caracterización ecolóxica dos tramos a erradicar, concentrándose a documentación en describir as obras a realizar. Bótase me menos a xustificación axeitada que xustifique a perda de rede fluvial que se substitúe polas obras de canles descritas. (...) falta de solución alternativa no caso de detectarse contaminación xa que aparentemente estas augas xestionadas neste canal non terán outro destino que o propio vertido a rede fluvial ó non ser previsto integración na rede de tratamento.
- (...) atendendo a clasificación de presas (Asociación de presas de Canadá, 2013) o risco do proxecto que nos ocupa encádrase en risco moi alto, (...).
- (...) o escenario de risco elevado resulta claramente definido e cuantificado e isto deberá de ter una correspondencia coas medidas preventivas a adoptar (...).
- (...) A análise (...) determina riscos e escenarios accidentais e isto induce á necesidade de prever a análise das repercusións sobre o ambiente, unha simulación de continxencias e a operativa a despregar en caso de falla.
- (...) ten necesariamente que dimensionarse ás repercusións directas e indirectas sobre os elementos da biodiversidade en concreto os espazos da rede NATURA 2000. Tanto os hábitats como as especies ás que se ten feito referencia neste informe, precisan de condicións ecolóxicas moi esixentes e o seu estado de conservación favorable no estaría garantido se isto non fora así.
- (...) debera de correlacionar neste caso os riscos sinalados coas medidas necesarias ante a produción das continxencias, supeditadas ó funcionamento anómalo accidental da impermeabilización das balsas, ó lixiviado ácido dos muros das entulleiras, ó incorrecto funcionamento drenaxes, ó tratamento incorrecto na PTA ou a falla dos muros que encapsulan os residuos.
- (...) a envergadura da situación descrita, a extensión da impermeabilización, o volume dos residuos que se depositan, as presións ás que están sometidas as láminas con columnas de material líquido ou con elevada plásticidade de mais de 80 m en algún casos, os evidentes riscos de punzonamento e a falta de garantía sobre unha eficiencia de funcionamento do 100%, teñen que orientar na prudencia, e en consecuencia en estudar, dimensionar e atallar os riscos de falla.  
O promotor desenvolve esta análise a través da implementación dun sistema seguridade da impermeabilización que se fía o control da calidade da estanqueidade na fase de instalación e posteriormente na fase de operación. Ten previsto medidas de seguimento baseadas na análise piezométrica das filtracións, a creación dunha rede de drenaxe basal e a instalación de pozos de control profundos para poder bombear as augas infiltradas. Estas previsións aínda que aparentan coherentes non se xustifica a súa eficiencia.
- (...) resulta claro que a natureza ácida ou non dos estériles quedará supeditada na realidade a posteriores análises durante a evolución do proxecto, describindo agora







un escenario de probabilidades. (...) O respecto disto ten que observarse que as características do proxecto da explotación mineira susténtase esencialmente nesta previsión, sen ofrecer un rango de solucións alternativas e construtivas de non producirse as previsións do 50% NAG -PAG nos termos esperados.

- Asumindo ás previsións da promotora, é dicir, que a concentración de reactivo nos estériles de planta é de 4,5 g/t, a extrapolación ós 102 Mt que compoñen estes estériles proporcionarían unha cantidade final de máis de 459 t. De acordo con isto parece relevante que o EslA conteña unha análise exhaustiva da relevancia ambiental dos produtos, dos metabolitos e das consecuencias no medio ambiente e para a saúde humana.
- O documento de análise de riscos (...) non contén unha simulación de continxencias, a análise das repercusións sobre o ambiente e a operativa a despregar en caso de falla.
- (...) As obrigas derivadas da responsabilidade dos operadores, de prever, evitar e reparar, parece que debora de superar neste caso o simple análise e caracterización dos riscos sinalados, e avanzar na análise de repercusións e na operativa de medidas necesarias ante a ocorrencia das continxencias, supeditadas ó funcionamento anómalo da impermeabilización das balsas, ó lixiviado ácido dos muros das entulleiras NAG, ó incorrecto funcionamento drenaxes, ó tratamento incorrecto na PTA, a falla dos muros que encapsulan os residuos ou simplemente a falta de previsión ou causa sobrevidas.

### Conclusións

Á vista dos antecedentes, da análise da documentación e do datos achegados polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, estimase que coa documentación achegada non se pode facer unha análise e avaliación precisa sobre os efectos sobre o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, dadas as carencias documentais subliñadas no apartado precedente e que a súa vez xa foran postas de manifesto no informe anterior desta Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 4 de abril do 2018, non dando cobertura a actual documentación ao requerido.

En calquera caso voltase sinalar que tanto na documentación anterior como na actual constatase a existencia dun risco moi alto de falla e con consecuencias, por tanto, sobre poboacións humanas e medio ambiente.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos.

Santiago de Compostela, 08 de febreiro de 2019

O xefe do servizo de Análise de Proxectos, Plans e Programas

Francisco Javier Turrillo Montiel  
Firma dixital

Visto e prace  
O subdirector xeral de Espazos Naturais

Juan Gómez Apesteguía  
Firma dixital

